



# AUTOINFORME DE SEGUIMENTO

**Grao en Traballo Social**

**Curso Académico: Curso 2017-2018**

■ Datos da universidade e do título obxecto do seguimento

■ Cumprimento do proxecto establecido

- Dimensión 1. A xestión do título
  - Criterio 1. Organización e desenvolvemento
  - Criterio 2. Información e transparencia
  - Criterio 3. Sistema de garantía de calidade
- Dimensión 2. Recursos humanos
  - Criterio 4. Recursos Humanos
  - Criterio 5. Recursos materiais e servizos
- Dimensión 3. Resultados de aprendizaxe
  - Criterio 6. Resultados da aprendizaxe
  - Criterio 7. Indicadores de satisfacción e rendemento

■ Listaxe de evidencias e indicadores

■ Modificacións do plan de estudos

■ Plan de Melloras

**CURSO 2018-2019**

Abertas Curso 2018-2019

- Criterio 3 - Sistema de Garantía de Calidade
  - AM-2
- Criterio 5 – Recurso materiais
  - AM-3
- Criterio 7 – Indicadores de satisfacción e rendemento
  - AM-1

■ Abertas Curso 2017-2018

- Criterio 1 - Organización e desenvolvemento
- Criterio 3 - Sistema de Garantía de Calidade
  - AM-4
- Criterio 5 - Recursos materiais
- Criterio 7 - Indicadores de satisfacción e rendemento

■ Finalizadas Curso 2017-2018

- Criterio 1 - Organización e desenvolvemento
  - AM-2
- Criterio 3 - Sistema de Garantía de Calidade
  - AM-3
- Criterio 5 - Recursos materiais
  - AM-5
  - AM-6
- Criterio 7 - Indicadores de satisfacción e rendemento
  - AM-1

<u>1. DATOS DA UNIVERSIDADE E DO TÍTULO OBXECTO DE SEGUIMENTO</u>	
Denominación do título	Grao en Traballo Social
Mencións/Especialidades	Non
Universidade responsable administrativa	Universidade de Santiago de Compostela
En caso de títulos interuniversitarios, universidade/s participante/s	
Centro responsable	Escola Universitaria de Traballo Social
Centro/s onde se imparte	Escola Universitaria de Traballo Social
Rama de coñecemento	Ciencias Sociais e Xurídicas
Número de créditos	240 ECTS
Profesión regulada	
Modalidade de impartición	Presencial
Curso de implantación	2010/2011
Data acreditación ex ante (verificación)	30/06/2010
Data renovación acreditación	20/07/2016

## 2. CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO

### DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

#### **CRITERIO 1. ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO:**

**Estándar:** O programa formativo está actualizado e implantouse de acordo coas condicións establecidas na memoria verificada.

Analizar e valorar se o desenvolvemento do plan de estudos realizou conforme a memoria verificada e non se produciron incidencias graves, o que permitiu unha correcta adquisición das competencias por parte dos estudantes.

**1.1.- O título mantén o interese académico e está actualizado segundo os requisitos da disciplina, avances tecnolóxicos e científicos, necesidades socioeconómicas e requisitos da profesión.**

Aspectos a valorar:

- O perfil formativo/egreso do título mantén a súa relevancia e está actualizado segundo os requisitos do seu ámbito académico, científico e profesional e, no seu caso, segundo as necesidades e requisitos da profesión regulada.

#### **Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

As prazas ofertadas no curso 2017-2018 foron 80 (IN1G-PC-05) as mesmas que nos dous cursos inmediatamente anteriores. Solicitárase, ao igual que para o curso 2016-2017, que se incrementase a oferta a 85 prazas, en base á tendencia de incremento da matrícula de novo ingreso (24,19% no curso 2016-2017), e retornar ao valor de 90 prazas ofertadas contempladas na Memoria de Verificación do Título (MVT2010).

No curso ponte de adaptación ao grao ofertáronse as mesmas prazas que o curso anterior (5) tendo en conta a demanda de matrícula de acceso ao mesmo, e so se produzo 1 novo ingreso.

A matrícula total de novo ingreso foi de 87 persoas (IN3G-PC-05), unha delas correspondente ao curso ponte, así a variación de matrícula de inicio de estudos foi de 7,79% respecto ao curso anterior (IN5G-PC-05). Relevante é que continúa o incremento de matrícula de novo acceso, tendo como referencia o punto de inflexión do descenso que se produzo entre os cursos 2013 a 2016, en parte debido á caída na demanda de matrícula no curso ponte.

Da matrícula de novo ingreso so 83 o fan pro primeira vez na universidade (IN4G-PC-05), 4 son estudantes que acceden a través de validación parcial de estudos estranxeiros, traslados ou adaptacións desde plans en extinción.

O centro continuou realizando a súa propia campaña de difusión da titulación mantendo a campaña de *adwords* de Google iniciada no curso 2014-2015, participando en 9 feiras de divulgación de titulacións universitarias (2 máis que no curso anterior), e mantendo o contacto telefónico con 273 orientadores de centros de ensino medio (14 máis que no curso anterior) para ofrecer o envío de información e ofertar a posibilidade de que profesorado impartise unha charla no propio centro de ensino medio.

A coordinadora de título no Informe de coordinación do curso 2017-2018, presentado na Comisión de Título de 3 de decembro de 2018, fai referencia a que segundo datos obtidos a través da enquisa propia cumprimentada por 67 alumnos e alumnas de primeiro curso 7,5% dos mesmos coñeceu a titulación a través dos orientadores dos centros. Así mesmo sinala que se mantivo a oferta na web propia do programa *Solicita unha visita*, co resultado de 12 solicitudes de información por esta vía, con atención a 20 persoas (potencial alumnado e familiares).

No curso anterior ao que é obxecto de análise producírase un descenso importante na taxa de abandono (de 17,30% a 4,84 %) , máis produxose un incremento deste indicador relativo ao alumnado matriculado de novo ingreso que en dous anos desistiu de volver a facelo ( IN40G-S01-PM-01), obténdose de novo cifras altas de abandono (17,02%). Con posterioridade aos exames do primeiro cuadrimestre a coordinadora de título mantivo contacto co alumnado que non foi obxecto de avaliación no primeiro cuadrimestre, ou tivo unha cualificación de suspenso na maioría das materias. Esta actuación deriva da valoración do informe de abandono potencial remitido desde a Area de Calidade da USC do que se dou conta na Comisión de título de 13 de abril. .

Hai que ter en conta que o 13,6% do alumnado matriculado por primeira vez no centro solicitara esta titulación en 3º

(8,6%), 4ª (2,5%) e 5ª (2,5%) opción no momento de realizar a preinscrición. Así mesmo o 26% deste alumnado de novo acceso matriculouse no 5º, 6º e 7º prazo da convocatoria de matrícula cando xa o cuadrimestre estaba bastante avanzado.

	2015-16	2016-17	2017-18
<b>Prazas ofertadas IN1G-PC-05</b>	80,00	80,00	80,00
<b>Matrícula IN2G-PC-05</b>	272,00	254,00	264,00
<b>Matrícula de novo ingreso IN3G-PC-05</b>	63,00	81,00	87,00
<b>Matrícula de inicio de estudos IN4G-PC-05</b>	62,00	77,00	83,00
<b>Variación de matrícula de inicio de estudos IN5G-PC-05</b>	-4,62	24,19	7,79
<b>Taxa de abandono durante o primeiro curso IN40G-S01-PM-01</b>	17,39	4,84	17,02

O volume de alumnado matriculado no centro (IN2G-PC-05) foi de 264 persoas, 10 máis que no curso anterior, excluído o alumnado entrante vinculado a programas de mobilidade. O descenso que tivo lugar nos cursos 2014 a 2016 débese en grande medida a caída na matrícula do curso ponte.

A nota media de acceso segue a tendencia a alza ( IN06G-PC-05) iniciada xa en cursos anteriores, sendo de 6,72 .Así mesmo tamén se incrementou en doce puntos a porcentaxe daqueles que accederon con unha puntuación igual ou superior a seis (IN07G-PC-05) pasando de 57,89% a 69,51%.

De interese é tamén o valor da relación de estudantes de novo ingreso que solicitou en primeira opción estudar o grao en traballo social na USC (IN10G-PC-05), que segue tamén unha tendencia a alza acadando unha cifra de 67,50%, catro puntos máis que o curso inmediatamente anterior.

A maioría do alumnado matriculado por primeira vez na titulación é galego, so o 1,14% é estranxeiro (IN08G-PC-05) (0,39% o curso anterior), e o 2,27% procede doutras comunidades autónomas (IN09G-PC-05) manténdose o valor respecto ao curso anterior, valores dos que se exclúe o alumnado vinculado a programas de intercambio.

A relación de estudantes de novo ingreso sobre o total de prazas ofertadas (IN12G-PC-05) é a máis alta desde a implantación da titulación de grao acadando un valor de 103,75%, o que representa 7 puntos máis que o anterior e 26 máis respecto ao anterior a este último .Este valor é indicativo do maior interese por cursar esta titulación de grao neste centro.

	2015-16	2016-17	2017-18
<b>Nota media de acceso por preinscrición (5-14) IN06G-PC-05</b>	6,48	6,50	6,72
<b>Porcentaxe de estudantes que acceden á titulación con puntuación igual ou superior a seis (%) IN07G-PC-05</b>	61,29	57,89	69,51
<b>Porcentaxe de estudantes estranxeiros sobre matriculados (%) IN08G-PC-05</b>	1,10	0,39	1,14
<b>Porcentaxe de estudantes nacionais de fóra</b>	1,47	2,36	2,27

de Galicia IN09G-PC-05			
Relación de estudantes preinscritos en 1ª opción matriculados por 1ª vez sobre as prazas ofertadas (%) IN10G-PC-05	60,00	63,75	67,50
Taxa de ocupación (%) IN12G-PC-05	77,50	96,25	103,75

Dos 264 alumnos e alumnas que no curso 2017/2018 cursaron estudos de grao no centro 258 eran galegos, so 6 procedían doutras Comunidades Autónomas (2 de Canarias, 3 de Castilla y León e 1 de Madrid).

Analizando a procedencia xeográfica do alumnado galego obsérvase que o 63,5% proceden da provincia de A Coruña e o 24,4% da de Pontevedra, valores practicamente similares ao curso anterior, e que ven a representar o 87,9% do total do alumnado.

Provincia de procedencia	2016-17		2017-18	
	Nº	%	Nº	%
A Coruña	155	63,0	164	63,5
Lugo	19	7,7	18	7
Ourense	12	4,9	13	5
Pontevedra	60	24,4	63	24,5
<b>Total</b>	<b>246</b>	<b>100,0</b>	<b>258</b>	<b>100,0</b>

Si se toma como referencia residir en unha das sete grandes cidades de Galicia vemos que o 36% do alumnado correspóndese con este criterio, e destes o 14,3% o fai en Santiago de Compostela e o .6,2% na cidade de A Coruña. Ambas son o lugar de procedencia do 20,5% do alumnado, fronte ao 23% do curso anterior.

Grandes cidades Galicia	2016-17		2017-18	
	Nº	%	Nº	%
A Coruña	22	8,8	16	6,2
Ferrol	3	1,2	9	3,4
Lugo	10	4,1	6	2,4
Ourense	6	2,4	4	1,5
Pontevedra	10	4,1	11	4,3
Santiago de Compostela	35	14,2	37	14,3
Vigo	8	3,2	10	3,9
<b>Total</b>	<b>94</b>	<b>(246)</b>	<b>93</b>	<b>(258)</b>

Ao alumnado que reside en Santiago de Compostela (14,3%) hai que sumar os que o fan en concellos limítrofes con esta cidade e que representan un 12,4% do total do alumnado, polo que ao igual que no curso anterior obsérvase que algo máis da cuarta parte reside na comarca de Santiago de Compostela (26,7%).

### 1.2.- O plan de estudos desenvolveuse seguindo a oferta de módulos e materias previstas na memoria verificada.

Aspectos a valorar:

- A oferta de módulos e materias correspóndese co establecido na memoria de verificación e, se é o caso, nas sucesivas modificacións.
- O Desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación, correspóndense co establecido na memoria de verificación e permite a consecución das competencias. O tamaño dos grupos é adecuado ás actividades formativas.
- No seu caso, o curso de adaptación cumpre a súa función en canto á adquisición de competencias e coñecementos, por parte dos estudantes que os cursen e adecúase ao establecido na memoria de verificación do título.

- Participación do alumnado en programas de mobilidade.

#### Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O Plan docente desenvolveuse segundo módulos e materias contemplados na MVT2010. Variouse o cuadrimestre de tres materias, dúas de segundo e unha de terceiro curso, para unha máis racional distribución da carga lectiva dos docentes que as impartiron no primeiro caso e unha mellor distribución da oferta de optatividade no segundo caso. Así en segundo a materia *Dereito e Administración Pública* pasou para ao segundo cuadrimestre, e *Servizos Sociais Comunitarios* foi impartida no primeiro cuadrimestre. En terceiro curso a materia optativa *Traballo Social no ámbito da Saúde Mental* pasou de ser ofertada no primeiro cuadrimestre ao segundo.

A oferta de materias optativas foi modificada no curso 2017/2018, non foi ofertada *Traballo Social e Adiccións* e foi activada de novo a materia *A Investigación Cualitativa en Traballo Social*. Para tomar esta decisión tívose en conta por un lado o número de persoas matriculadas nas materias optativas ofertadas no curso anterior e necesidade de reforzar o coñecemento en técnicas cualitativas debido ao incremento do seu uso nos procesos metodolóxicos vinculados á elaboración dos Traballos de Fin de Grao.

Ao igual que en cursos anteriores, un grupo interactivo en primeiro curso iniciou a súa actividade docente a partires de mediados do mes de outubro para que se puideran incorporar nel o alumnado que realizou a súa matrícula nas últimas convocatorias de matrícula dentro dos prazos de admisión establecidos.

A ratio de estudantes por profesor a tempo completo foi para o curso 2017-2018 de 37,7 alumnos/as.

Respecto a media de alumnado nos grupos de docencia expositiva esta foi de 57,70 alumnos/as por grupo (media USC 53,95), inferior ao máximo establecido (80-101) e lixeiramente superior aos cursos inmediatamente anteriores.

Nos grupos de docencia interactiva a media do seu tamaño medio foi de 30,06 persoas (media USC 21,77), tamén lixeiramente superior aos cursos inmediatamente anteriores, pero está dentro dos máximos establecidos para a súa conformación (30-38).

O lixeiro incremento no tamaño medio tanto nos grupos de teoría como nos de docencia expositiva débese ao aumento progresivo de matrícula nos últimos curso, máis as cifras son inferiores aos máximos contemplados pola regulación da USC a estes efectos.

CURSO	MEDIA ALUMNADO POR GRUPO DE TEORIA	MEDIA ALUMNADO POR GRUPO DOCENCIA INTERACTIVA
2015-16	52,12	27,16
2016-17	54,19	28,43
2017-18	57,07	30,06

O curso ponte de adaptación ao grao segue tendo no curso obxecto de análise unha moi baixa matrícula, unha de novo ingreso e outra procedente de cursos anteriores. O descenso acusado de matrícula foi o que motivou que desde o curso 2015-2016 non se ofrezca a súa docencia como un curso diferenciado, tal como se contemplaba na MVT, e foi aprobado no PDA 2017-2018.

A xornada de acollida e presentación do título para o alumnado de 1º curso celebrouse o 11 de setembro de 2017, nela a Directora presentou ao alumnado a equipa directiva do centro e o profesorado de dito curso, así mesmo explicóuselles o funcionamento do centro e os seus distintos servizos.

Atendendo ao contemplado na MVT, o 4 de decembro de 2017 impartíuse o Curso 0 :*Guía para a presentación de Traballos Académicos*, dirixido ao alumnado de primeiro curso e ao que asistiu o 31% do mesmo. Desto dou conta a Coordinadora de Título no Informe do curso 2017-2018 que presentou na Comisión de Título de 3 de decembro de 2018.

Da análise da participación do alumnado en programas de mobilidade, destacar que en canto á mobilidade saínte 3 alumnas de terceiro curso realizaron estancia dentro do Programa SICUE (1 menos que no curso anterior) .Realizou unha

delas estancia na Universidade Pablo Olavide de Sevilla , e dúas na Universidade Complutense de Madrid.

Ningún alumnado do centro realizou estancia noutra Universidade dentro dos Acordos Bilaterais establecidos pola USC( o fixeran 2 en Chile o curso anterior), nin no marco do Programa Erasmus. Segue constatándose un déficit de participación de alumnado do centro en estancias en Universidades fora de España.

En base aos datos referidos á mobilidade saínte do alumnado de traballo social, obsérvase un descenso de algo máis dun punto na participación, sendo esta a máis baixa dos tres últimos cursos (1,4%). Sen embargo esta titulación é de interese para o alumnado doutras universidades, con un incremento progresivo na participación referida aos tres últimos cursos, acadándose o valor máis alto (4,55%).

Respecto á mobilidade entrante no curso 2017-2018, realizaron estancia no centro 8 alumnas doutras universidades españolas dentro do Programa SICUE (6 máis que no curso anterior): 2 da Universidade Pablo Olavide de Sevilla, 2 da Universidade Complutense de Madrid, 2 da Universidade de Huelva, 1 da Universidade de Alicante e 1 da Universidade de Barcelona.

Dentro do Programa Erasmus recibíronse 2 alumnas de universidades italianas, e unha alumna de Alemaña con estancia en outra titulación da USC e que cursou materias do grao en traballo social.

	2015-16	2016-17	2017-18
Porcentaxe de estudantes enviados pola USC a programas de mobilidade sobre o total matriculados Grao Traballo Social IN17C-PC08	1,47	2,36	1,14
Porcentaxe de estudantes recibidos pola USC de programas de mobilidade sobre o total matriculados en Grao Traballo Social IN18C-PC08	1,47	3,94	4,55

A través dos Acordos Bilaterais entre a USC e outras universidades, cursaron materias do Grao 6 alumnas procedentes de universidades de México, Brasil, Chile e a República de Corea, fronte a 8 que o fixeran no curso anterior. As dúas alumnas procedentes de Brasil e a da república de Corea realizan a súa estancia dentro de convenios bilaterais para outras titulacións da USC, e cursaron unha e dúas materias respectivamente no Grao en traballo social.

### 1.3.- O título conta con mecanismos de coordinación docente que permiten analizar se o desenvolvemento do plan de estudos posibilita a adquisición das competencias por parte dos estudantes e, no seu caso, se establecen as accións de mellora oportunas.

Aspectos a valorar:

- A coordinación horizontal e vertical entre as diferentes materias do plan de estudos evita baleiros e duplicidades.
- No caso de que o título se imparta en varios centros da Universidade ou sexa interuniversitario, analizarase o funcionamento dos mecanismos de coordinación entre todos os centros/Universidades que imparten o plan de estudos.
- No caso de que existan prácticas externas, valorarase se os mecanismos de coordinación permiten aos estudantes alcanzar as competencias asociadas a estas prácticas.
- No caso de que o título se imparta en varias modalidades (presencial, a distancia, semipresencial) valorarase a coordinación docente entre as modalidades, co fin de que os estudantes podan alcanzar as mesmas competencias con independencia da modalidade cursada.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

No curso 2017-2018 so se impartiu no centro a titulación de Grao en traballo Social con unha matrícula de 264 alumnos/as e un corpo de profesorado de 14 persoas, o que permite unha relación fluída entre ambos grupos de interese do centro. A isto se suma a coordinación que se establece entre os distintos órganos colexiados do centro (distintas comisións), e os órganos individuais (coordinadores/as) formalmente establecidos no centro.

Ao igual que en cursos anteriores elaborouse a *Guía Académica de centro 2017-2018* que se entrega en soporte papel ao



alumnado no momento da matrícula, e tamén de acceso libre na web propia, contribúe á coordinación docente. O seu contido aporta información sobre a estrutura do centro, normativa académica propia, organización do curso.

Para cada curso académico e para facilitar o desenvolvemento da actividade docente a Dirección do centro nomea coordinadores de curso, de practicum, de traballo de fin de grao, dos distintos programas no centro (A Ponte, SICUE, Erasmus e Acordos Bilaterais..) así como das materias con docencia compartida (dúas materias excluídos practicum e TFG).

Os momentos do curso nos que a actividade de coordinación é máis intensa son os inicios e remates dos cuadrimestres. A coordinadora de título canaliza a través dos coordinadores de curso instrucións e información tanto académica como administrativa de interese para o profesorado e/ou alumnado. No momento de elaboración dos programas académicos do seguinte curso académico tamén se fai necesario intensificar a actividade de coordinación.

A materia Practicum están vinculados como titores académicos 7 (2 no primeiro cuadrimestre e 7 no segundo) que establecen relación cos titores externos nos centros de practicas, debido a que a labor da coordinadora do practicum é fundamental para harmonizar o seguimento e apoio ao alumnado, e para establecer pautas de cara á relación cos centros.

No curso obxecto de análise 59 alumnos/as realizaron prácticas externas, 4 no primeiro cuadrimestre e 55 no segundo. O 98 % do alumnado egresado realizou as prácticas no curso que remata o grao, acorde ao establecido na MVT que vincula o Practicum ao segundo cuadrimestre de cuarto curso.

	2015-16	2016-17	2017-18
Porcentaxe de estudantes egresados nun curso académico que ao longo dos seus estudos realizou as prácticas en empresa e institucións IN22G-PC-09	93,75	96,15	98,04

A coordinación entre titores académicos, titores externos e alumnado tradúcese en altas taxas de satisfacción en relación ao Practicum.

A satisfacción dos estudantes coas prácticas externas, e dos titores externos co programa de prácticas acadada taxas entorno a 4,5 sobre 5, aínda que se produzo unha lixeira diminución ao respecto dos valores do curso anterior. Mantense a taxa de satisfacción de 4,91 sobre 5 dos titores académicos co programa de prácticas.

	2015-2016	2016-2017	2017-2018
Media de satisfacción dos estudantes coas prácticas externas (%) (1-5) IN19-PC-09 e o documento INF.06	4,11	4,70	4,46
Taxa de satisfacción dos/as titores/as externos/as cos programas de prácticas externas (%) (1-5) IN20-PC-09 e o documento INF.07	4,16	4,64	4,30
Media de satisfacción dos titores/as académicos/as cos programas de prácticas externas (1-5)	4,80	4,91	4,91

IN21-PC-09 e o documento INF.08

O centro ten establecida unha enquisa propia para que o alumnado valore a actividade dos titores e titoras académicas en distintos aspectos, acadando valores superiores a 9,4 sobre 10 para o curso analizado, con un lixeiro descenso respecto dos valores obtidos no curso anterior.

	2016-2017	2017-2018
Titores académicos	2º cuadrim.	2º cuadrim.
Actitude para o alumno/a	9.77	9,46
Orientación teórica	9.58	9,46
Satisfacción coa titora académica	9.81	9,51
Media	9.72	9,48

#### 1.4. Os criterios de admisión aplicados permiten que os estudantes admitidos teñan o perfil de ingreso adecuado para iniciar estes estudos.

Aspectos a valorar:

- Coherencia entre o perfil de ingreso establecido na memoria verificada e o perfil real do estudantado matriculado no título.
- No seu caso, os complementos de formación compren a súa función en canto á nivelación e adquisición de competencias e coñecementos por parte dos estudantes que os cursen.

#### Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Na MVT so se indica un perfil recomendado para os futuros estudantes do grao en traballo social relacionado con Humanidades e Ciencias Sociais (R.D.1467/2007) , e non se esixe ningunha formación previa específica. O alumnado que solicita acceder ao curso ponte de adaptación ao grao ten que ser titulado na Diplomatura en Traballo Social.

As condicións de acceso son as establecidas pola normativa de aplicación para o sistema universitario galego, aplicando o principio de distrito único e a través da Comisión Interuniversitaria de Galicia (CIUG).

Os datos da CIUG, mostran que se presentaron 5 solicitudes mais de acceso que no ano anterior, concretamente no curso 2017-2018 foron 320, das que 317 foron de cota xeral, 1 titulado universitario, 1 maior de 25 anos e 1 persoa con discapacidade. No curso pasado foron admitidos 112 de cota xeral e unha persoa con discapacidade.

As preinscricións tendo como referencia a ensinanza de acceso móstranos que o 81% do alumnado matriculado o fai desde bacharelato, e o 19% o fai desde a formación profesional.

Opción preferente de solicitude e matrícula en traballo social	% SOLICITUDE	% MATRICULA
Primeira	24,1	65,4
Segunda	21,6	21,0
Terceira	12,8	8,6
Cuarta	19,7	2,5
Quinta ou máis	15,3	2,5

Coincidindo coa cifra do ano académico anterior, o 65,4%do alumnado que se matriculou en primeiro curso solicitou este grao en primeira opción, e o 21,0% o fixo en segunda opción. Datos que no curso 2017-18, seguen a reafirmar que mais da metade do alumnado elixe cursar esta titulación e neste centro, e que xunto co alumnado que fai esta elección en segunda opción, supoñen o 86,4 % do total matriculado por primeira vez no centro. Dato moi satisfactorio pois unha ampla maioría do alumnado elixiu cursar estudos de traballo social.

### 1.5.- A aplicación das diferentes normativas contribúe á eficiencia nos resultados do título.

Aspectos a valorar:

- A aplicación das distintas normativas (normativa de permanencia, os sistemas de transferencia e recoñecemento de créditos, así como outras relacionadas coa avaliación, traballos fin de grao/máster, prácticas externas, ...) desenvólvense segundo o establecido nelas, tendo en conta as competencias previamente adquiridas polo estudante e as competencias a adquirir no título. Impacto delas nos resultados.

#### **Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

No curso obxecto de análise o centro desenvolveu a súa actividade docente en base á normativa vixente, resolucións da USC, e regulamentos propios.

No curso anterior tiñase presentada a *Declaración de intencións* para modificar a MVT (19-01-2017), e así dar cumprimento ao sinalado no *Informe Final de Acreditación* (2016). No ano académico 2017-2018 presentouse dita proposta de modificación que recibiu informe favorable da ACSUG o 4 de abril de 2018, e con efectos para o curso 2018-2019.

En relación aos convenios para a realización do Practicum asináronse 14, xa adaptados á nova regulación da USC para os mesmos, trece deles eran novos e unha foi a actualización dun anterior.

## **DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO**

### **CRITERIO 2. INFORMACIÓN E TRANSPARENCIA:**

**Estándar:** A institución dispón de mecanismos para comunicar de maneira adecuada a todos os grupos de interese as características do programa e dos procesos que garanten a súa calidade.

Analizar e valorar se a información relevante sobre o título é pública e está dispoñible, en tempo e forma, para todos os axentes implicados nel (estudantes, empregadores, administracións educativas e outros grupos de interese).

**2.1.- A institución publica, para todos os grupos de interese, información obxectiva, suficiente e actualizada sobre as características do título e sobre os procesos que garanten a súa calidade.**

Aspectos a valorar:

- Publícase información suficiente e relevante sobre as características do programa formativo, o seu desenvolvemento e os resultados alcanzados.
- A información sobre o título é obxectiva, está actualizada e é coherente co contido da memoria verificada do título e as súas posteriores modificacións.
- Garántese un fácil acceso á información relevante do título a todos os grupos de interese.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

Levouse a cabo a comprobación da información pública relativa ao centro e titulacións impartidas no mesmo, tanto na web propia como no espazo correspondente dentro da web da USC.

Na web propia ([www.euts.es](http://www.euts.es)) atopase toda a información mínima que ten que facerse pública, máis na web da USC (<http://www.usc.es/gl/centros/tsocial/index.html>) hai información que non está actualizada como por exemplo o número de prazas ofertadas para o curso ponte (figura a inicial de 40 e debería constar que son 5). O centro non ten capacidade para realizar modificacións de modo directo e ten que ser autorizado polo servizo da USC que corresponda para que a súa vez os servizos informáticos da USC procedan a realizar as actualizacións que correspondan, o que burocratiza e ralentiza o proceso de actualización.

Na web da USC non figura ningunha información do master propio a impartir no curso 2018-2019. Máis hai que destacar que ao dispoñer dun enlace na súa entrada á web propia euts.es, así calquera persoa que busque información sobre a mesma pode atopala por esta vía.

O centro ten establecido publicitar a información académica e administrativa tanto nos taboleiros físicos como na web propia. No apartado novas figura aquela que o seu contido é de acceso libre, e no apartado taboleiro virtual de acceso restrinxido ás persoas que conforman a comunidade docente cada curso académico, figura neste último aquela información que contén datos de carácter persoal.

## **DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO**

### **CRITERIO 3. SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE:**

**Estándar:** A institución dispón dun sistema interno de garantía da calidade formalmente establecido e implementado que asegura, de forma eficaz, a mellora continua da titulación.

Analizar a implantación do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) e valorar a súa contribución á mellora continua do título.

#### **3.1.- O SGC posúe os mecanismos necesarios para recoller a información precisa, analízala, detectar debilidades e propoñer accións de mellora, realizando o seu seguimento.**

Aspectos a valorar:

- Os procedementos que permiten recoller a información de forma continua, analizar os resultados e empregalos para a toma de decisións e a mellora da calidade do título, desenvóléronse de acordo ao establecido.
- No caso dos títulos interuniversitarios ou dos títulos que se imparten en varios centros da Universidade, as accións levadas a cabo como consecuencia da implantación do SGC están coordinadas en todos os centros participantes no programa formativo.
- Os procedementos de avaliación e mellora da calidade da ensinanza e o profesorado desenvólense de acordo ao establecido.
- O procedemento de suxestións e reclamacións desenvólense de acordo ao establecido.

#### **Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

Na EUTS o volume da súa comunidade docente, que comprende alumnado (264), profesorado (14) e PAS (6), unido á dinámica que se ten establecido no mesmo permiten unha relación cercana entre os seus membros, e dado que a metade do profesorado ten unha adedicação a tempo completo o alumnado pode acceder a consultas co mesmo de maneira áxil máis alá dos horarios establecidos de titoría.

A reunión da Comisión de Título do Grao é o espazo que permite un intercambio de información sobre o desenvolvemento do curso académico, unha valoración sobre o discorrer do mesmo, e tomar decisións a través dos acordos que procedan en base as súas funcións. Así ao longo do curso 2017-2018 celebráronse 11 reunións da Comisión de Título en cada un dos seus semestres, isto supón unha media dunha reunión cada 15 días e valórase esta frecuencia como moi idónea para o cumprimento dos seus fins e con incidencia positiva no desenvolvemento da actividade académica do grao.

No remate no curso 2016-2017 recibíuse o Informe final de renovación da acreditación do título, nel recollíanse unha serie de recomendacións e cuestións de obrigado cumprimento que marcaron o desenvolvemento do SGIC do curso 2017-2018, e que fixo necesario a modificación da MVT2010.

A declaración de intencións para modificar a MVT realizouse dentro dos prazos establecidos pola USC o 20 de xaneiro de 2017, modificacións con efecto a partir do curso 2018-2019. A proposta para modificala aprobouse en Xunta Delegada de Centro o 28 de abril de 2017. Despois dos trámites pertinentes foi aprobado o texto definitivo da MVT2017 pola Comisión Delegada de Xunta de Centro de 14 de novembro de 2017 tras ser aprobada a proposta en Comisión de Título de 10 de novembro, e do que se dou conta na Xunta de Centro de 9 de decembro de 2017.

O informe provisorio de avaliación da MVT 2017 emitido pola ASUG foi tratado na Comisión de título de 22 de febreiro de 2018 para elaborar as alegacións que se considerasen pertinentes, e que serían abordadas na Comisión de título de 1 de marzo de 2018, para con posterioridade o 13 de abril aprobar o Informe Final de avaliación de solicitude de modificación da MVT.

Obtivo Informe final favorable da ACSUG o 4 de abril de 2018.

#### **3.2.- A implantación do SGIC facilita o seguimento dos títulos, a renovación da acreditación e garante a mellora continua permitindo a introdución de modificacións no título.**

Aspectos a valorar:

- As accións de análise e revisión levadas a cabo desde o SGC permiten introducir modificacións para a mellora no título.
- O seguimento das melloras do título confirma que estas foron eficaces e que se conseguiron os obxectivos

formulados.

- Os plans de mellora recollen as recomendacións dos diferentes informes derivados do proceso de verificación, modificación, seguimento e renovación da acreditación.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

No Informe Final de Renovación da Acreditación observáronse debilidades no desenvolvemento do SGIC. Unha das que foi solventada no curso 2017-2018 foi o establecemento de liñas estratéxicas para este centro. A proposta do documento coincidiu co remate do curso 2016-2017, foi enviada (24-07-17) á *Area de calidade e mellora de Procedementos* da Vicerreitoría de Comunicación e Coordinación recabando opinión do mesmo sobre a proposta provisoria. Na Xunta de centro de 19 de decembro de 2017 foi aprobado o Plan estratéxico da EUTS que abarca o período 2018-2020.

**3.3.- O SGC implantado revisase periodicamente para analizar a súa adecuación e, se procede, establécense as melloras oportunas.**

Aspectos a valorar:

- A análise e revisión do SGC, no que participan todos os grupos de interese, deriva en plans de mellora (responsables, calendario de execución, etc.).
- Todos os grupos de interese foron implicados no proceso de elaboración, implantación e seguimento das melloras do SGC.
- As evidencias do SGC manifestan a existencia dunha cultura de calidade consolidada no centro que contribúe á mellora continua.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

Resultado do Informe de seguimento 2016-2017 plantexáronse unha serie de accións de mellora vinculadas aos criterios 1,3,5,e 7, a desenvolver en 2018 e das que se dá conta no Informe de Seguimento 2017-2018.

Vinculada ao Criterio 1 (organización e desenvolvemento) propúxose crear un *Comité de Ética da EUTS* para garantir o cumprimento de aspectos éticos e de protección de datos nas investigación nas que se empreguen datos que estean legalmente protexidos, e considerouse oportuno elaborar un "Borrador de Regulamento do Comité de Ética da EUTS". Na reunión de 22 de outubro de 2018, a Coordinadora de Título informou das xestións realizadas ante a Vicerreitoría de Investigación e Innovación á que se lle enviou a proposta de regulamento para obter aval oficial á mesma. Dado que a USC está a abordar de forma xeral esta cuestión considerouse a súa demora a espera dunha Resolución específica da USC.

Dentro do Criterio 3 (Sistema de Garantía Interna de Calidade) contemplouse abordar a creación e posta en marcha do *Comité Consultivo da EUTS* formado por representantes de grupos de interese externos. Nomeadas as persoas que ían formar parte desde Comité con data 20 de decembro de 2018 celebrouse a súa sesión constitutiva. Así mesmo plantexárase a revisión do SGIC para adecualo ás necesidades da EUTS fortalecendo o papel da Comisión de Calidade do Centro (CCC), sendo unha acción derivada do curso anterior. En maio de 2018 plantexouse abordar esta tarefa e a CCC acordou solicitar asesoramento técnico da Area de calidade da USC, feitas xestións ante a mesma emplazouse para o inicio do curso 2018-2019, e a remate de 2018 considerouse como non executada polo que se volve a incorporar como acción de mellora no presente Informe.

No criterio 5 (Recursos materiais) estableceuse solicitar a distintas empresas estudos técnicos para solventar os problemas detectados coa sinal wifi e así mellorar a súa recepción, feito isto executouse a instalación de fibra óptica e novos receptores polo que se dou por executada. Así mesmo contemplábase renovar equipos da aula informática do centro. A Directora informa da compra na comisión de título de 31 de outubro de 2018.

Tamén dentro do criterio 5 considerouse, tras petición do alumnado, reforzar o contido da sesión informativa de orientación laboral e continuidade de estudos dirixida a 4º curso, e contando coa colaboración do colexio profesional. Douse por executada a 29 de xuño de 2018 e da mesma a Coordinadora de Título emitiu informe (Comisión de Título 13-07-2018).

Como en cursos anteriores adoptáronse medidas para incrementar a taxa de participación dos grupos de interese nas enquisas de satisfacción, acción de mellora do criterio 7 (indicadores de satisfacción e rendemento), e das que a Coordinadora de título dou conta ao resto de membros da Comisión de Título (CT 13 de abril e 22 de maio de 2018)

## DIMENSIÓN 2. RECURSOS

### **CRITERIO 4. RECURSOS HUMANOS:**

**Estándar: O persoal académico e de apoio é suficiente e adecuado de acordo coas características do título e o número de estudantes.**

Analizar e valorar a adecuación do persoal académico e de apoio que participa no título obxecto de avaliación.

**4.1.- Persoal académico. O título conta con profesorado suficiente e a súa cualificación é a adecuada, tendo en conta as características do plan de estudos, as modalidades de impartición e as competencias que deben alcanzar os estudantes.**

Aspectos a valorar:

- O profesorado que participa no título conta co nivel de cualificación (experiencia docente e investigadora) exixido para a súa impartición e é acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada. Revisarase especialmente o perfil do persoal académico asignado ao primeiro curso de títulos de grao, a prácticas externas e asociado ao Traballo Fin de Grao ou Traballo Fin de Máster.
- O profesorado é suficiente para desenvolver as funcións e atender a todos os estudantes.
- A institución ofrece oportunidades ao profesorado para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar a actividade docente.
- Participación do profesorado en programas de mobilidade.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á contratación e mellora da cualificación docente e investigadora do profesorado.

### **Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

A Escola Universitaria de Traballo Social conta no curso 2017-2018 con un total de 14 profesores/as, sete con adicación completa que imparten o 78,3% dos créditos ofertados no grao, e 7 con adicación parcial, que asumen o 21,7% dos créditos ofertados na titulación. O número de doutores/as é de 7 (50,0 % do total), 3 con adicación completa e 4 con adicación parcial.

En relación ao establecido na MVT2017, descendeu o número de profesores, 15 naquel momento, incrementándose a adicación dun dos docentes a tempo parcial (6 con adicación completa no 2016-17, e 7 no 2017-18). O perfil académico do profesorado considérase idóneo para a titulación, cunha media de 16,9 anos de experiencia docente para o conxunto e unha porcentaxe do 50% que posúen unha dobre titulación, é dicir, son titulados/as en Traballo Social con outra titulación engadida (Socioloxía, Ciencias Políticas e Filosofía). Respecto a 1º curso, o 66,6% son doutores, a media de anos de experiencia docente é de 11,5 anos e o 33,3% posúen outra titulación engadida á de Traballo Social. En canto ás prácticas externas, todo o profesorado que titoriza posúe dobre titulación, sendo requisito deste centro que unha delas sexa a titulación de Traballo Social. En referencia ao Traballo de Fin de Grao, tendo en conta que neste centro a maioría do alumnado ven vinculando o traballo ao campo de prácticas, tamén a maioría dos/as titores/as son titulados en Traballo Social ( só hai un caso que non posúe a titulación).

A ratio de estudantes por profesor a tempo completo para o 2017-18 é de 37,7 alumnos/as, datos que veñen mellorando nos últimos cursos debido ao descenso de matrícula, de xeito que no curso 2011-12 esta ratio era de 59. Paralelamente ven descendendo a media de alumnos/as por grupo de teoría, pasando de 67,46 no curso 2012-13 a 57,70 no curso 2017-2018, aínda que a redución de grupos de interactividade (sempre respectando os límites máximos establecidos pola normativa) debido á caída da matrícula sufrida en anos anteriores, incrementou a media de alumnos/as por grupos de seminario de 29,47 a 28,50 no mesmo período e 30,06 en 2017-2018.

A satisfacción media do profesorado coa docencia impartida é para o 2017-2018 de 4,43 (4,35 para o conxunto da universidade). Este resultado ven mellorando significativamente nos últimos cursos (3,1 para o 2013-2014 , 4,38 para o 2014-2015, 4,40 para o 2015-16, 4,48 para 2016-2017).

En canto ás enquisas de satisfacción coa docencia recibida, a taxa de participación no 2017-18 foi do 27,01% (30,39% para o conxunto de graos da USC). A satisfacción media do alumnado coa docencia recibida é de 4,19, datos que veñen mellorando progresivamente (4,22 en 15/16; 4,20 en 16/17). Estes valores, nos tres últimos cursos, están significativamente por encima dos promedios para a rama de coñecemento, Ciencias Sociais e Xurídicas (3,84), e para o conxunto da Universidade (3,88). A mellora nas valoracións, á vista do Informe de Enquisas de Satisfacción do Alumnado coa Docencia Recibida, prodúcese en todos os ítems dos que se recolle información.

O dato de participación, que tiña baixado notablemente no 2014-2015 acada, para o 2016-2017 o mellor dato da serie, cunha participación do 37,50 % (fronte ao 18,54% do curso 2014-2015), descendendo novamente no curso 17/18 (27,01%).

Finalmente, respecto ao profesorado, no Informe Provisorio de Avaliación para a Renovación da Acreditación, sinalábase que o profesorado do título carecía, na súa maioría de perfil investigador, instándose ao centro a plantexarse propostas de mellora enfocadas a incentivar a carreira investigadora dos/as docentes. Neste sentido, no Informe Final de Avaliación para a Renovación da Acreditación, sinalábase entre as Accións de Mellora de obrigado cumprimento a adopción destas medidas, elaborando un protocolo para a concesión de axudas económicas para a participación activa en Congresos, Seminarios e outras reunión de carácter científico, o que se incluíu como acción de mellora no informe de seguimento do 2015-16.

Nas substitucións e novas contratacións en función de necesidades docentes realizadas no curso 2017-2018, primouse o criterio de estar en posesión do título de doutor/a.

Boas prácticas derivadas de Informes de Seguimento anteriores, e melloras contempladas no seu momento:

- Organización do horario docente e da adicación de xeito que facilite a conciliación coa vida familiar e o traballo nas teses, en actividades formativas e en actividades de investigación en xeral. Esta organización permite que cada profesor/a a tempo completo, conte con tres tardes libres á semana.

Elaboración dun protocolo para a concesión de axudas económicas para a participación activa do profesorado en actividades de investigación.

#### **4.2.- Persoal de apoio (persoal de administración e servizos, técnicos de apoio á docencia, etc.). O título conta con persoal de apoio suficiente e a súa cualificación é a adecuada, tendo en conta as características do plan de estudos.**

Aspectos a valorar:

- O persoal de apoio é suficiente para desenvolver as funcións e atender a todo o persoal docente e estudantes.
- O persoal de apoio que participa no título conta co nivel de cualificación exigido e é acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á contratación e mellora do persoal de apoio.
- A institución ofrece oportunidades ao persoal de apoio para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar a súa labor de apoio ao proceso de ensinanza-aprendizaxe.

#### **Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

Non se produciron variacións nin no número nin na categoría do persoal de apoio polo que os datos son coincidentes cos recollidos na MVT: 6 persoas coas seguintes categorías: unha persoa con categoría de persoal administrativo de nivel directivo, tres con categoría de xefe de sección (dúas asignadas a administración e unha a biblioteca), unha con categoría de axudante de biblioteca e unha con categoría de persoal de servizo de limpeza.

Incrementouse satisfactoriamente o índice de participación de satisfacción do PAS acadando o valor do 80% de resposta (25% en 2016-2017, 50% en 2015-2016). A satisfacción media acadada foi de 3,75 valores similares á media da USC (3,88).



	Media centro	Media USC
As miñas funcións e responsabilidades están claramente definidas.....	3,33	3,51
O sistema de reparto de cargas de traballo é axeitado...	3,67	3,67
Síntome parte dun equipo de traballo.....	3,76	4,0
Resúltame doado expresar as miñas opinións no lugar de traballo	4,25	4,16

A satisfacción media do PAS co seu posto de traballo para o 2017-2018 acada valores similares á media da USC, salvo no ítem *sentirse parte do equipo de traballo* que é lixeiramente inferior. Baixa sensiblemente tamén para o ítem *O responsable toma as decisións coa participación de todo o persoal da unidade.....* que acada un 3,00 fronte ao 3,86 na USC.

No que se refire á satisfacción media do PDI e do PAS coas actividades formativas desenvolvidas, tal e como se indicou no IRA, non se pode remitir para a súa valoración aos datos da USC respecto ó *Programa para a Formación e Innovación Docente*, xa que as condicións de acceso como centro adscrito non son as mesmas que para os centros da universidade de natureza pública .

En marzo de 2018 unha alumna becaria da Area de calidade da USC elaborou un informe da enquisa propia de avaliación dos servizos da EUTS por parte do estudiantado matriculado no curso 2017-2018. A valoración media do servizo de biblioteca foi de 3,84 e do servizo de secretaría 3,7 sobre 5 .

## DIMENSIÓN 2. RECURSOS

### CRITERIO 5. RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS:

**Estándar:** Os recursos materiais e servizos postos a disposición do desenvolvemento do título son os adecuados en función da natureza, modalidade do título, número de estudantes matriculados e competencias a adquirir.

Analizar e valorar se os recursos materiais e servizos postos a disposición dos estudantes son os adecuados ás necesidades do título.

**5.1.- Os recursos materiais, infraestruturas e servizos postos a disposición dos estudantes e o profesorado son suficientes e adecuados ás características do plan de estudos, ás modalidades de impartición e ás competencias que deben alcanzar os estudantes.**

Aspectos a valorar:

- As infraestruturas destinadas ao proceso formativo son as adecuadas en función da natureza e modalidade do título. Prestarase especial atención á dispoñibilidade de aulas, salas de estudo, aulas de informática e recursos informáticos, laboratorios, salas de reunións, biblioteca, ...
- Os recursos materiais, postos a disposición dos estudantes, son os adecuados en función da natureza e modalidade do título e as competencias a adquirir por eles y coinciden coas previsións que se incluíron na memoria de verificación. Prestarase especial atención á dispoñibilidade de equipamento e material científico, técnico, asistenciais e artístico, (dependendo da tipoloxía de ensinanza), ...
- Aplicación das normativas de accesibilidade universal e deseño para todos, seguridade, saúde e medio ambiente e coñecemento delas polos axentes implicados.
- Os fondos bibliográficos, recursos documentais,... son suficientes e están actualizados.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á creación, posta en marcha ou utilización de novas infraestruturas ou servizos externos á Universidade.
- Os servizos de orientación académica (selección de materias, problemas de aprendizaxe, necesidades especiais, aloxamento,...) e orientación profesional postos a disposición dos estudantes son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os servizos de atención ao estudante (documentación, informes de cualificacións, actas, certificados académicos, tramitación de solicitudes de validacións ou de traslado,..) postos á súa disposición son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os programas de acollida e apoio ao estudante oríéntano no funcionamento da institución.
- Tendo en conta as diferentes modalidades de impartición do título, analízase e revísase o grao de adecuación, para a consecución das competencias por parte dos estudantes, das infraestruturas tecnolóxicas e servizos tanto no centro responsable do título como, no seu caso, en centros externos (centros de prácticas, empresas, centros asociados, etc.).
- No caso de que o título contemple a realización de prácticas externas, as instalacións onde se realizan son adecuadas para a adquisición das competencias.

### Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Tal e como se indicaba no Informe de Seguimento do curso 2016-17, os problemas do edificio histórico no que se ubica a titulación dificultan o acceso e cobertura das tecnoloxías da comunicación, a pesar do esforzo feito introducindo fibra óptica e renovando as antenas para a recepción da wifi. Solicitouse un estudo técnico que determinou a necesidade de cambio do sistema de cableado e tipo de antena de recepción wifi, o que se executou por un importe de 12.526,54 euros.

Neste curso renovouse asimesmo o equipamento da aula de informática, cunha inversión total de 8.541,84 euros. Dotouse, para a xestión administrativa e documentación docente, dunha nova fotocopiadora, por un importe de 3.672,35 euros.

A biblioteca da EUTS dispón de 32 postos de traballo na sala de consulta e dous equipos informáticos para acceder á consulta de fondos. Istos, a 31 de decembro de 2018, acadan unha cifra de 13.498 volumes, incrementándose en 53 con respecto ao ano anterior; as publicacións periódicas son 414, das que 24 están activas e están arquivados 526

TFG's. Mensualmente o persoal de biblioteca envía información ao profesorado vía correo electrónico, informando sobre as novidades editoriais incorporadas e os enlaces e números das publicacións periódicas recibidas. Esta mesma información achégase ao alumnado a través da páxina web do centro.

Respecto á satisfacción dos/as egresados/as coa información pública e cos servizos, obsérvase una mellora nos valores acadados para ambos items.

No curso 16-17 creouse un espazo específico para egresados/as na web do centro, con información sobre a figura profesional do/a traballador/a social, saídas profesionais, continuación de estudos e os resultados da última sondaxe sobre inserción laboral dos egresados, enquisa propia do centro.

A valoración do profesorado sobre os recursos (soportes multimedia, TIC'S, aulas,...) para a docencia viña mellorando progresivamente, aínda que rexistra una baixada respecto á valoración anterior (4,67 para o curso 2016-17 e 4,07 para o 2017-18).

#### BOAS PRÁCTICAS

- Resposta áxil as necesidades tanto de mantemento de instalación como de recursos materiais en xeral
- Non se limita, dentro de termos razoables, a demanda de manuais e bibliografía en xeral por parte do profesorado para o desenvolvemento das materias.

#### ACCIÓNS DE MELLORA

- O alumnado ten comunicado algunhas peticións de mellora no que atinxe ao mobiliario de aulas, polo que se plantéxase o comezo da substitución progresiva de cadeiras e mesas.

### DIMENSIÓN 3. RESULTADOS

#### CRITERIO 6. RESULTADOS DE APRENDIZAXE:

**Estándar:** Os resultados de aprendizaxe alcanzados polos titulados son coherentes co perfil de egreso e correspóndense co nivel do MECES da titulación.

Analizar os resultados de aprendizaxe alcanzados polos estudantes e se son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel do MECES do título.

#### 6.1.- Os estudantes ao finalizar o proceso formativo adquiriron as competencias previstas para o título.

Aspectos a valorar:

- O desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación contribúen á consecución e valoración dos resultados de aprendizaxe previstos.
- Os resultados de aprendizaxe alcanzados satisfán os obxectivos do programa formativo e adecúanse ao nivel MECES.
- Os resultados de aprendizaxe téñense en conta para a revisión e mellora do plan de estudos.

#### Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A través da *taxa de rendemento* mídese a porcentaxe de créditos superados ao respecto dos matriculados. O valor obtido é similar á dos cursos inmediatamente anteriores (86,33%), descendendo un punto respecto ao curso 2016-2017, máis está oito puntos por encima do valor medio na USC para esta taxa (78,46%).

Na MVT 2017 tomando a media dos últimos anos fixébase o valor previsto para a taxa de rendemento en 87,86 sendo o valor obtido inferior con unha diferenza de 1,53 puntos.

Taxa de rendemento IN34CG-S01-PM-01	2015-2016	2016-2017	2017-2018
EUTS	85,53	87,13	86,33

A relación entre créditos superados respecto dos presentados mide a *taxa de éxito*. A cifra resultante para o curso obxecto de análise descendeu un punto respecto ao curso anterior, sendo o seu valor do 90,49%, máis supera en tres puntos a media da USC (87,20%).

A previsión para a taxa de éxito na MVT 2017 fixébase en 93,05 tomando a media dos cursos anteriores, o resultado é inferior (-2,56).

Taxa de éxito IN35CG-S01-PM-01	2015-2016	2016-2017	2017-2018
EUTS	89,98	91,79	90,49

A relación porcentual entre o número total de créditos ordinarios aos que se presentaron os estudantes e o número total de créditos ordinarios matriculado amosa información sobre o grao de eficacia do alumnado e da institución con relación á súa actividade académica, da un valor para a *taxa de avaliación* de 95,40 sendo similar ao curso anterior, e superior en 8 puntos á media para a USC (87,20%).

Taxa de avaliación IN36CG-S01-PM-01	2015-2016	2016-2017	2017-2018
EUTS	95,05	94,93	95,40

### DIMENSIÓN 3. RESULTADOS

#### CRITERIO 7. INDICADORES DE SATISFACCIÓN E RENDEMENTO:

**Estándar:** Os resultados dos indicadores do programa formativo son congruentes co deseño, a xestión e os recursos postos a disposición do título e satisfán as demandas sociais da súa contorna.

Analizar os principais datos e resultados do título e valorar a evolución dun núcleo de indicadores mínimo. Comprobar se os resultados se adecúan ás previsións e características do título.

#### 7.1.- Os principais datos e indicadores do título evolucionan favorablemente de acordo coas características do título.

Aspectos a valorar:

- Indicadores de demanda.
- Indicadores de resultados.
- Os indicadores téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

#### Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O número de prazas ofertadas foi de 80, igual que nos dous anteriores cursos. Respecto á demanda no curso 2017/2018, a taxa de ocupación das prazas ofertadas foi de 103,75 %, dato que volve a ser positivo, posto que supón un novo incremento, que se ven producindo desde o curso 2014-15 (72,22%; 77,50%; 96,25%).

Estes datos veñen a poñer de manifesto que se consolida a recuperación de alumnado, cubrindo toda a oferta de prazas para esta titulación.

A enquisa propia que ven realizando o centro dirixida a coñecer o perfil do alumnado de novo ingreso, foi cumprimentada por 67 alumnos/as, (dato que coincide co do ano anterior). Das persoas que realizaron a enquisa, 35 indicaron que solicitaron estudar esta titulación en Santiago de Compostela e en primeira opción, e de todos/as os/as que solicitaron esta titulación, en calquera opción, 52 persoas elixiron este centro como primeira opción.

Os datos da CIUG, mostran que se presentaron 5 solicitudes mais de acceso que no ano anterior, concretamente no curso 2017-2018, foron 320, das que, 317 foron de cota xeral, 1 titulado universitario, 1 maior de 25 anos e 1 persoa con discapacidade. No curso pasado foron admitidos 112 de cota xeral e unha persoa con discapacidade.

#### Preferencias en canto a solicitude e matrícula nesta titulación

OPCIÓN	% SOLICITUDE	% MATRICULA
Primeira	24,1	65,4
Segunda	21,6	21,0
Terceira	12,8	8,6
Cuarta	19,7	2,5
Quinta ou máis	15,3	2,5

Coincidindo ca cifra do ano anterior, o 65,4% do alumnado que se matriculou en primeiro curso solicitou este grao en primeira opción, e o 21,0% o fixo en segunda opción. Datos que no curso 2017-18, seguen a reafirmar que mais da metade do alumnado elixe cursar esta titulación e neste centro, e que xunto co alumnado que fai esta elección en segunda opción, supoñen o 84,4% do total matriculado.

Os **resultados** do programa formativo analízanse a través dos indicadores seguintes:

#### Taxa de graduación

Para a análise da taxa de graduación utilizouse o indicador IN37G-S01-PM-01, remitido pola ACEMP da USC.

Taxa de graduación	2013-14	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18
EUTS	-	75,27	69,66	78,31	<b>86,33</b>

A taxa de graduación no curso 2017-2018, acadou o valor mais elevado dos últimos catro anos, incrementándose un

8,02% respecto ao curso anterior.

#### Taxa de duración media dos estudos

Para a análise da taxa duración media dos estudos utilizouse o indicador IN38G-S01-PM-01, remitido pola ACEMP da USC.

Taxa de duración media dos estudos	2013-14	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18
EUTS	4,00	4,14	4,15	4,34	4,17

A taxa de duración media dos estudos, no curso 2017-2018, volve a acadar un resultado similar aos cursos 2014-2015 e 2015-2016 (4,14 e 4,15), e representa un descenso de 0,17% respecto ao curso anterior.

#### Taxa de eficiencia dos titulados

Non se recibiron datos referidos a esta taxa para os cursos 2015-2016, 2016-2017 e 2017-2018

#### Taxa de abandono durante o primeiro curso

Para a análise da taxa de abandono durante o primeiro curso utilizouse o indicador IN40G-S01-PM-01, remitido pola ACEMP da USC.

Taxa de abandono durante o primeiro curso	2012-13	2013-14	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18
EUTS	5,38	11,24	12,05	17,39	4,84	17,02

A taxa de abandono durante o primeiro curso, no 2017-18 volve a acadar o 17%, como aconteceu no 2015-2016. Esta porcentaxe cuadruplica á do curso anterior, que descendera a 4,84.

#### Taxa de abandono RD 1393/2007

Para a análise da taxa abandono RD 1393/2007 utilizouse o indicador IN41G-S01-PM-01, remitido pola ACEMP da USC.

Taxa de abandono RD 1393/2007	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18
EUTS	15,05	23,60	16,87	21,74

A taxa de abandono RD 1393/2007, incrementouse no 2017-2018 un 4,87%, respecto ao curso anterior, que presentou un descenso de 6,73%, polo que, o incremento foi inferior ao descenso que se producira anteriormente.

#### Taxa de éxito dos egresados

Para a análise da taxa éxito dos egresados utilizouse o indicador IN50G-S01-PM-01, remitido pola ACEMP da USC.

Taxa de éxito dos egresados	2015-16	2016-17	2017-18
EUTS	96,90	94,70	94,27

A taxa de éxito dos egresados, mantense no 2017-2018, cun valor case idéntico ao do curso anterior (94,27% e 94,70% respectivamente).

### Taxa de idoneidade na graduación

Para a análise da taxa idoneidade na graduación utilizouse o indicador IN51G-S01-PM-01, remitido pola ACEMP da USC.

Taxa de idoneidade na graduación	2015-16	2016-17	2017-18
EUTS	60,67	67,47	69,57

A taxa de idoneidade na graduación, presenta no curso 2017-2018, un lixeiro incremento de 2,1% respecto ao curso anterior, e mantense no intervalo de 60% a 70% desde o 2015-2016.

### Taxa de eficiencia (rendemento dos egresados)

Para a análise da taxa eficiencia, en canto a rendemento dos egresados, utilizouse o indicador IN53G-S01-PM-01, remitido pola ACEMP da USC.

Taxa de eficiencia (rendemento dos egresados)	2015-16	2016-17	2017-18
EUTS	96,37	94,05	94,27

A taxa de eficiencia, en canto ao rendemento dos egresados, no 2017-2018, mantense case idéntica ao curso anterior, (94,27% e 94,05% respectivamente), no que se producira un descenso de 2,32%.

## 7.2.- Os índices de satisfacción dos estudantes, do profesorado, dos egresados e doutros grupos de interese son adecuados.

Aspectos a valorar:

- Indicadores de satisfacción co persoal académico, persoal de apoio, recursos, prácticas externas, proceso formativo, mobilidade, etc.
- Os indicadores de satisfacción téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

### Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

As valoracións que se expoñen nas táboas seguintes, reflíctense en puntuacións realizadas de 1 como mínimo a 5 como máximo.

Valóranse os mecanismos utilizados para a análise de adquisición do aprendizaxe a través dos seguintes indicadores de satisfacción:

### Satisfacción dos estudantes saíntes dos programas de mobilidade

Respecto á valoración media da enquisa de satisfacción dos estudantes saíntes con relación aos programas de mobilidade, constátase que non foi cuberta ningunha enquisa no curso 2017-18, polo que só se ten de referencia o dato do ano anterior.

	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18
<b>Total Centro</b>	-	-	4,14	-

En relación a este dato, sinalar que a porcentaxe de estudantes enviados desta titulación no curso 2017-2018, representa o 1,14% respecto ao total de enviados pola USC.

### Satisfacción dos estudantes cos programas de prácticas externas

A análise da satisfacción do alumnado cos programas de prácticas externas faise en base a o indicador IN19-PC-09 e o documento INF.06, remitido pola ACEMP da USC.

Media de satisfacción dos estudantes coas prácticas	2013-14	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18

externas					
EUTS	4,52	4,52	4,11	4,70	4,46

A media de satisfacción do curso analizado, é de 4,46, o que supón 0,24 puntos menos que o ano anterior, pero 0,35 puntos mais que a media do curso 2015-16, que representa o mais baixa dos últimos cinco anos.

Taxa de resposta estudantes coas prácticas externas	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18
EUTS	11,59	13,51	23,40	32,20

No curso 2017-2018, a taxa de resposta da enquisa de satisfacción do alumnado coas prácticas externas incrementouse desde o ano anterior, que era do 23,40%, e agora acada o 32,20%, que pon de manifesto un incremento paulatino desde os últimos catro cursos académicos. Este dato, ten que verse en relación aos efectos da implantación no centro, de protocolos para incrementar a satisfacción dos diferentes grupos de interese, nas enquisas de satisfacción.

Por outra parte, aínda que a media de satisfacción do alumnado descendeu nos cursos 2015-2016 e 2017-2018 respecto aos anteriores, en xeral a media de satisfacción do alumnado coas prácticas externas é superior nos catro últimos cursos académicos á media da USC.

Satisfacción alumnado con prácticas externas	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18
Media EUTS	4,52	4,11	4,70	4,46
Media USC	4,01	4,08	4,34	4,25

#### Satisfacción dos titores externos cos programas de prácticas externas

A análise da satisfacción dos/as titores/as externos/as cos programas de prácticas externas faise en base ao documento INF.07, remitido pola ACEMP da USC.

Media de satisfacción dos/as titores/as externos/as cos programas de prácticas externas (%)	2013-14	2014-15	2015-16	2016-17	2017-018
EUTS	4,17	3,84	4,16	4,64	4,30

No curso 2017-2018, prodúcese un descenso da media de satisfacción dos titores/as externos/as coas prácticas externas de 0,34 puntos respecto ao ano anterior, acadando un valor de 4,30, que por outra parte segue a ser máis elevada que nos tres cursos previos.

Taxa de resposta dos titores externos coas prácticas externas	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18
EUTS	27,47	37,76	18,97	47,22

Un dos datos máis destacados é que a taxa de resposta dos traballadores/as sociais titores/as externos/as de prácticas aumentou no curso 2017-18, ata acadar case o 50% de participación, máis do dobre que no ano anterior; supoñendo a cifra máis alta dos últimos catro anos. Isto ven a reforzar o efecto positivo que parece que está a producirse por mor da implantación como acción de mellora dos protocolos para incrementar a participación dos diferentes grupos de interese, nas enquisas de satisfacción.

A media de satisfacción dos traballadores/as sociais titores/as externos/as só presenta unha puntuación inferior a catro no curso 2014-2015, nos demais cursos académicos a media do centro é maior á da USC, e superior a 4.

Satisfacción dos/as traballadores/as sociais titores/as externos/as	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18
Media EUTS	3,84	4,16	4,64	4,30
Media USC	4,11	4,11	4,12	4,22

#### Satisfacción dos titores académicos cos programas de prácticas externas



A análise da satisfacción dos/as titores/as académico/as cos programas de prácticas externas faise en base ao documento INF.08, remitido pola ACEMP da USC.

Media de satisfacción dos titores/as académicos/as cos programas de prácticas externas	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18
<b>EUTS</b>	4,77	4,80	4,91	<b>4,91</b>

A media de satisfacción do curso 2017-2018, do profesorado titor académico de prácticas externas, é de 4,91, dato que coincide coa media do curso pasado, e polo tanto mantense por riba das medias dos cursos anteriores. Valórase moi positivamente acadar de novo esta cifra elevada, a só 0,09 do valor máximo.

Taxa de resposta do profesorado titor coas prácticas externas	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18
<b>EUTS</b>	66,67	100,00	100,00	<b>100,00</b>

O dato mais sobreesante dos efectos da implantación da acción de mellora dos protocolos para incrementar a participación dos diferentes grupos de interese, nas enquisas de satisfacción, obsérvase na participación do profesorado titor, que segue a repetir por terceiro ano consecutivo o valor do 100%

É na satisfacción do profesorado titor académico onde se presentan as maiores distancias respecto ás valoracións medias da USC, representando a media do centro 0.58 puntos por riba da media da USC (4.84 e 4.26 valores medios, da EUTS e da USC respectivamente, dos catro últimos).

Satisfacción do profesorado titor académico	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18
Media EUTS	4,77	4,80	4,91	<b>4,91</b>
Media USC	4.23	4.18	4.29	<b>4.34</b>

#### Satisfacción do alumnado coa docencia recibida

A análise da satisfacción do alumnado coa docencia recibida realizase en base ao documento INF.13, remitido pola ACEMP da USC.

Media de satisfacción do alumnado coa docencia recibida	2013-14	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18
<b>EUTS</b>	3,86	4,03	4,22	4,20	<b>4,19</b>

Pódese considerar que a media de satisfacción do alumnado coa docencia recibida no curso 2017-2018 é practicamente igual que a do curso anterior (4,19 e 4,20 respectivamente), e mantense un valor por riba de 4 sobre 5 dende hai catro anos. Os items en donde se acadan as catro puntuacións mais elevadas son: "explica o programa da materia e os criterios de avaliación ao comezo da súa actividade docente" (4,49); "cumpre co programa e o plan de traballo previsto" (4,45); "resolve as dúbidas que se lle formulan (4,45) e "ten unha actitude receptiva que facilita a comunicación cos/coas estudante" (4,40).

Taxa de participación do alumnado coa docencia recibida	2013-14	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18
<b>EUTS</b>	24,86	18,54	36,06	37,05	<b>27,01</b>

En canto á participación do alumnado na enquisa de satisfacción coa docencia recibida, que no 2017-18 foi do 27,01%, constátase un descenso respecto aos dous últimos cursos, que se obtiveron uns valores case iguais (36,06 e 37,05).

Satisfacción do alumnado coa docencia recibida	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18
Media EUTS	4,03	4,22	4,20	<b>4,19</b>
Media USC	3,81	3,87	3,85	<b>3,88</b>

Nos últimos catro cursos académicos mantense a media de satisfacción do alumnado de este centro coa docencia recibida por riba da media da USC.

#### Satisfacción do profesorado coa docencia impartida

A análise da satisfacción do profesorado coa docencia impartida utilizouse o documento INF.14, remitido pola ACEPM da USC.

Media de satisfacción do profesorado coa docencia impartida	2012-13	2013-14	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18
<b>EUTS</b>	2,30	3,10	4,39	4,42	4,49	4,46

Pódese observar que, no curso 2017-2018, se mantén a media de satisfacción do profesorado coa docencia impartida, cun valor de 4,46, similares ao dous últimos anos (4,42 e 4,49). Os catro items onde se acadan os valores máis elevados son: "a coordinación entre o profesorado foi efectiva (4,89); "estou satisfeito coa relación creada co alumnado nas clases e titoría" (4,74); "a coordinación entre as distintas materias e/ou niveis do título foi adecuada" (4,60) e "globalmente estou satisfeito/a co traballo realizado polo alumnado nas miñas clases" (4,58).

Taxa de participación do profesorado na enquisa sobre satisfacción coa docencia	2013-14	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18
<b>EUTS</b>	5,56	44,44	68,75	73,33	<b>92,86</b>

É destacable a elevada participación do profesorado na enquisa de satisfacción coa docencia impartida, acadando un valor do 92,86% no curso 2017-2018, o que ven a confirmar o aumento progresivo ano a ano, e que respecto ao curso anterior incrementouse nun 19,53%

#### Grao de satisfacción xeral dos e das egresadas coa titulación e o centro

A análise da satisfacción xeral dos e das egresadas coa titulación e o centro elaborouse en base ao documento INF.09, remitido pola ACEMP da USC.

Media de satisfacción xeral dos e das egresadas coa titulación	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18
<b>EUTS</b>	3,12	3,43	3,37	<b>3,93</b>

O valor da media de satisfacción dos e das egresados/as coa titulación é o máis alto dos último 4 anos, un 3,93, que supón un incremento de 0,56 pto respecto ao curso anterior.

Taxa de participación dos/as egresados/as na enquisa de satisfacción	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18
<b>EUTS</b>	8,33	8,97	12,90	<b>30,77</b>

Un dos datos a destacar no curso 2017-2018, é o incremento na participación dos/as egresados/as nas enquisas de satisfacción, que acadou unha porcentaxe do 30,77%, que supón case o triple que no último curso, e un 22% máis que nos cursos 2014-15 e 2015-16.

Satisfacción coa formación recibida na titulación	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18
Media EUTS Formación teórica	3,75	3,29	3,90	<b>4,56</b>
Media USC Formación teórica	3,53	3,56	3,56	<b>3,61</b>
Media EUTS Formación práctica	3,38	2,86	3,10	<b>3,87</b>
Media USC Formación práctica	2,46	2,67	3,64	<b>2,74</b>

A satisfacción coa formación recibida na titulación, por parte das persoas egresadas, valórase en dúas vertientes, a formación teórica e a formación práctica. Os resultados do curso 2017-2018, amosan uns valores superiores das medias do centro respecto ás medias da USC: 0,95 maior na formación teórica, e 1,13 na práctica, e ademais supoñen os valores máis altos dos últimos catro anos.

En relación á valoración do grao en que a titulación contribuíu á adquisición de capacidades, en todos os ítems valorados, os valores son superiores aos da USC, sendo o máis alto a "capacidade de traballo en equipo". A media do centro de todos os ítems é de 4,09, e a da USC é de 3,43.

A media de satisfacción dos egresados coas prácticas externas segue a manterse, como nos dous cursos anteriores por riba de 4, e ademais superior á media da USC (4,29 e 3,90 respectivamente).

En canto á satisfacción cos programas de mobilidade, contrasta o valor de 5 para o centro, por riba da media da USC de 4,14, sobre todo, tendo en conta que no pasado ano ninguén realizou a enquisa, e nos anteriores, acádanse valores dispares, (4 no curso 15/16 e 1 no 14/15).

A continuación expóñense outros aspectos valorados na enquisa realizada polos egresados/as, nos que a media do centro é superior á media da USC:

	Curso 2017-18	
	Media EUTS	Media USC
A formación recibida cumpriu as expectativas creadas antes de empezala	4,19	3,20
Satisfacción global co profesorado da titulación	4,56	3,12
Adecuación dos horarios, calendario académico e de exames	4,13	2,79
Información e apoio recibido nas actividades de acollida e presentación	4,44	3,00
Infraestruturas e materiais dispoñibles	3,33	2,89

Por último, neste apartado abórdanse, as valoracións relativas aos recursos e servizos. Os resultados do curso 2017-2018, repiten a tendencia dos anos anteriores, e nos tres, recursos tecnolóxicos, biblioteca e cafetería, son inferiores ás medias da USC (2,68 media global do centro, e 3,68 media global da USC).

### 7.3.- Os valores de inserción laboral dos egresados do título son adecuados ao contexto socio-económico e profesional do título.

Aspectos a valorar:

- Análise dos históricos de resultados existentes nos estudos realizados sobre inserción laboral do título.
- Adecuación da evolución dos indicadores de inserción laboral en función das características do título.
- Os indicadores de inserción laboral téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

Desde o ano 2015, o centro realiza unha sondaxe anónima dirixida ao exalumnado egresado, para coñecer os datos de inserción laboral o mais aproximados á realidade, coa finalidade de completar a información remitida pola ACEMP, ou ben, como acontece no curso 2017-2018, cubrir a ausencia desta información.

